# CONCELLO DE ROIS

**ASUNTO:** INFORME RELATIVO AO PROCESO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS - **SOBRE C** - NO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA ACCESOS A OS VILARES E ACCESOS E INTERIORES EN INFESTA, PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE ROIS.

**INTERESADO: CONCELLO DE ROIS.**

**ANTECEDENTES:**

1.- O obxecto do presente informe é o de avaliar a **ÚNICA** oferta presentada durante o proceso de contratación para a adxudicación das obras de **Accesos a Os Vilares e accesos e interiores en Infesta,** promovidas polo concello de Rois.

2.- As ofertas presentadas e obxecto de valoración representan as seguintes empresas:

- EXCAVACIONES OVIDIO S.L.

3.- A presente avaliación refírese ao contido do **sobre C** (oferta económica e referencias valorables automáticamente) e debendo terse en conta os criterios establecidos no presente e vixente Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

**INFORME:**

Unha vez estudada e revisada a documentación aportada polaS empresas licitadoras e verificado que as ofertas presentadas axústanse ao prego de cláusulas administrativas particulares, pasamos a analizar o apartado correspondente á oferta económica.

| | |
|---|---|
| 4.- OFERTA ECONÓMICA | **De 0 – 5 puntos.** |
| 5.- PLAN DE IGUALDADE | **De 0 – 25 puntos.** |
| 6.- INCREMENTO PRAZO GARANTÍA | **De 0 – 35 puntos.** |
| 7.- REDUCCIÓN DE PRAZOS | **De 0 – 10 puntos.** |

**VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS:**

## 4.- OFERTA ECONÓMICA.

- EXCAVACIONES OVIDIO S.L.

Presenta unha oferta de: **78.252,81 €**

**PUNTUACIÓN: 0,70**

Tendo en conta o apartado 15.4.2. do Prego de Cláusulas Administrativas da Deputación da Coruña, e considerando que o número de ofertas presentadas é igual a unha (1), comprobouse que a oferta presentada non é inferior en máis dun 16,67% ao prezo de licitación. Polo tanto, **ningunha das ofertas presentadas se pode considerar anormal ou desproporcionada**.

## 5.- PLAN DE IGUALDADE.

- EXCAVACIONES OVIDIO S.L.

Ten implantado un Plan de Igualdade

**PUNTUACIÓN: 25**

## 6.- INCREMENTO PRAZO GARANTÍA.

- EXCAVACIONES OVIDIO S.L.

Oferta un prazo de garantía de **5 anos**

**PUNTUACIÓN: 35**

## 7.- REDUCCIÓN DE PRAZOS

O prazo do proxecto é de 120 días naturais.

Para obter a puntuación da redución de prazos calcularase, en primeiro lugar, a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en dias naturais, que representen as ofertas consideradas.

Neste caso temos os seguintes valores máximo e mínimo de redución de prazos:

$R_{máx}$ = 60 días
$R_{mín}$ = 60 días

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se ha adxudicar por este concepto.

$$x\,\% = \frac{R_{máx} - R_{mín}}{\text{Plazo proyecto}} * 100$$

No caso que nos ocupa temos un 0%, inferior ao 5%, polo que corresponderá unha puntuación máxima para a redución de prazos de **2 puntos**.

A continuación calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración. Asignarase 1 punto as proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que igualen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Tendo en conta o procedemento descrito, as puntuacións finais para a redución de prazo quedarían como segue.

- EXCAVACIONES OVIDIO S.L.

Oferta unha redución de prazo de **60 días**.

**PUNTUACIÓN: 1,60**

Finalmente amósanse os cadros resumen, tanto coas puntuacións referentes ao sobre c, de oferta económica e referencias valorables automáticamente, coma o cadro final coas puntuacións totais sumando o SOBRE B e o SOBRE C.

**CADRO RESUMEN DE RESULTADOS DO SOBRE C.**

| | EX. OVIDIO |
|---|---|
| ECONÓMICA | 0,70 |
| PLAN IGUALDADE | 25,00 |
| PRAZO GARANTÍA | 35,00 |
| REDUCCIÓN PRAZOS | 1,60 |
| | |
| TOTAL SOBRE C | 62,30 |

**PUNTUACIÓN FINAL. CADRO RESUMEN DE RESULTADOS DOS SOBRES B E C**

| | OVIDIO |
|---|---|
| SOBRE B | 22,06 |
| SOBRE C | 62,30 |
| TOTAL | 84,36 |

A presente táboa representa o estado do resultado final da valoración relativa aos SOBRES B e C das distintas ofertas que concorren no presente procedemento.

Rois, 17 de Xaneiro de 2019

**Asdo.: José Ángel González Parga.**
**Ingeniero Caminos.**